

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026121	IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas	Oleiros	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	1º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

## 1. Introducción

O centro está situado en Perillo, dentro do concello de Oleiros, nunha zona claramente urbana.

Ten cerca unha piscina municipal, aunque este ano non é posible a súa utilización como en anos pasados, e está preto da praia de Santa Cristina, cun paseo que permite traballar tanto na area como fóra.

Desgraciadamente, as estatísticas advírtennos que os alumnos nestas idades, e especialmente as mozas, abandonan paulatinamente calquera intento de actividade física e/ou deportiva.

Moitos son os exemplos que poderíamos pór, pero non hai máis que ver cando dende o departamento de Educación Física organízanse encontros deportivos entre diversos institutos a gran resposta que teñen entre os alumnos, sendo frecuentes comentarios como: é que non temos nin idea de xogar, deberíamos de practicar máis a miúdo, deberíamos de organizar isto máis veces, estaría ben todas as tardes poder practicar un pouco, cando temos tempo libre vemos a tele...e todo isto o marxe do resultado competitivo, que non debe ser fin, pero si medio para romper esta monotonía xeracional.

Do mesmo xeito que se fixo nos cursos anteriores non se utilizará libro de texto.

É preciso elaborar un material persoal do profesor para cada contido, que se axuste ao máximo á liña que leva, centrándose no importante, e incidindo naqueles aspectos que o profesional queira suxerir, e non ao revés, revisando ano a ano a bibliografía existente.

As actividades complementarias e extraescolares, son outro dous cabalos de batalla diarios. En moitos casos ausente por falta de iniciativa, noutros infravaloradas e criticadas por incidir na normal marcha académica do curso.

A nosa materia é unha das áreas que máis facilmente poden colaborar nestes aspectos de xeito definitivo, especialmente no relacionado co medio natural, saúde e actividades deportivas específicas en contornas non próximas. É máis, a nosa materia é a única ao que este tipo de actividades véñenlle dadas e incluídas dentro dos contidos propios da programación. Desta forma botamos en falta actividades concentradas fóra da contorna escolar e nas que se fusionen intereses de área con obxectivos transversais, traballables facilmente dende un punto de vista interdisciplinar polas materias que colaboren a tal fin.

Os contidos escollidos para a realización do proxecto son aqueles que pola súa facilidade futura para se desenvolver, poidan levarse máis comodamente a terreo de lecer e tempo libre.

Para rematar e non menos importante, destacar a gran incongruencia entre os obxectivos e contidos asociados á nosa materia e o tempo de traballo semanal.

Como sabemos é de dous módulos de 50 minutos á semana. É imposible lograr obxectivos tales como mellorar a condición física, crear hábitos de saúde, lograr dominio técnico sobre deportes colectivos, individuais ou de adversario, lograr os efectos beneficiosos sobre o organismo da práctica habitual e programada de actividades físicas, lograr que utilicen o seu tempo de lecer cun mínimo de calidade, etc. en tan pouco tempo.

A posibilidade de incidir en modificacións funcionais en tan pouco tempo á semana é imposible. Xa se sabe dende hai anos en teoría do adestramento.

No caso propio deste instituto as instalacións aínda impiden máis o traballo, xa que non contamos cun espazo cuberto coas dimensións mínimas para albergar a clases con elevado número de alumnado.

Este curso o departamento de Educación Física está formado por dúas persoas:

-Ana Belén Vázquez Rey, profesora que impartirá 16 horas nos niveis de 4º e 1º de BACH completando horario con dúas horas de Proxecto Competencial en 1º da ESO e unha hora de titoría en 1º ESO C.

- Isabel Moar Gayoso. Xefa de departamento e imparte 14 horas de clase en 1º, 2º e 3º da ESO e completa horario con tres horas de Proxecto Competencial en 1º ( unha hora) e 2º da ESO (dúas horas) e con dúas horas de Xefatura de Departamento.

Podemos ter en conta tamén, distintas consideracións xerais que inciden na programación, que son as seguintes:

-A primeira e a máis importante é o precario estado das instalacións específicas para impartir a materia. A pesares das cartas remitidas outros anos dende a dirección do centro ós organismos competentes non se fixo ningunha mellora.

-Temos que facer constar iste ano outra millora na instalación, co pintado do chan da pista exterior co seu correspondente pintado de liñas e unha distribución nova dos espazos, intentando millorar a convivencia dos rapaces no desenvolvemento da actividade deportiva nos tempos de lecer.

De todas maneiras, temos que remarcar que a problemática céntrase na inexistencia dun polideportivo cuberto para dar as clases. De feito reflicte unha situación increíble, anacrónica, descontextualizada dentro dun país e neste caso dun concello de certo grao de benestar e de calidade de vida. A porcentaxe de choivas, néboa, frío anual nesta zona é tan grande, que pretender desenvolver a programación en dúas pistas polideportivas descubertas de 20 por 40 metros resulta un crebacabezas e é indignante para o profesional da educación física e para o alumnado no século XXI. Aínda que o tempo o permita, o alumeado da pista non funciona e nas primeiras horas da mañá aínda é noite a meirande parte dos meses do curso.

- A única instalación cuberta é un ximnasio cuberto de 12 por 16 metros, pero cunha altura e dimensións inadecuadas para calquera deporte colectivo, de raqueta, etc. Dicar obviamente que as súas dimensións en ningún modo poden substituír os dunha pista polideportiva. Varias clases pódense salvar nesta instalación, pero que soporte toda a carga da programación coas condicións exteriores mencionadas é imposible.

- Como tampouco existe un almacén amplo para gardar o material dentro do ximnasio. Actualmente adaptouse unha zona debaixo das escaleiras de acceso a planta sótano, conseguindo unha pequena mellora no almacenamento do material, de pequenas dimensións, pero que non suple por completo a necesidade dun almacenamento de todo o material nun mesmo lugar.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O QUECEMENTO	<p>A unidade didáctica que se presenta é evidentemente crucial dentro do proceso de ensino aprendizaxe, pois en calquera actividade física, sexa o seu obxectivo o adestramento, a competición, a educación física escolar ou a actividade física lúdica, resulta impensable adentrarse nela sen o previo quecemento.</p> <p>A obriga do corpo docente de educación física é que os alumnos poidan realizar de maneira autónoma quecementos, e así lograr que sexan autónomos nas súas prácticas deportivas. Para iso non chega con que coñezan a correcta execución dos quecementos en exclusividade, senón que queremos lograr que valoren a súa importancia, pois, do contrario, cando o alumno estea só non o realizaría, pois non consideraría que lle serva nada.</p> <p>O quecemento sempre se estudou desde a vertente do rendemento deportivo, outras</p>	4	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O QUECEMENTO	vezes, quixose observar como un aspecto da EF, sen embargo, o quecemento deixouse de lado en actividades motrices propias do home moderno e, sobre todo, nas novas prácticas actuais.	4	4	X		
2	MELLORA A MIÑA CONDICIÓN FÍSICA	Esta UD trata contidos relacionados ca condición física. Traballando sobre as capacidades físicas básicas: resistencia, forza, velocidade e flexibilidade e tamén se cobinará con traballo de axilidade, para alcanzar un correcto desenvolvemento motor que nos permitirá conseguir un estilo de vida máis saudable. Tamén se iniciará os métodos de adestramento e o control da intensidade do esforzo no que se profundizará en cursos superiores.	15	10	X		
3	BAILE E DANZAS TRADICIONAIS	Nesta UD utilizamos o baile e a danza como actividades xogada e medio de expresión corporal. Emprego dos recursos expresivos do corpo e do movemento para comunicar sensacións, ideas, estados de ánimo. Unidade para traballar bailes autóctonos de Galicia e empregar este recurso como medio transmisor da cultura propia.	15	7	X		
4	INICIACIÓN AS CARREIRAS	Esta UD trata contidos relacionados coas carreiras. Neste curso farase unha iniciación na que se traballará a técnica de carreira para sentar as bases para cursos superiores e profundizarase nas carreiras de velocidade e media distancia.	5	4	X		
5	CONDICIÓN FÍSICA	En esta unidade didáctica nos centraremos en a mellora da condición física a través do traballo de forza-resistencia a través de circuitos en los que se combinan exercicios de forza muscular e resistencia, traballando con los diferentes factores de la carga: intensidade, volumen, recuperación, duración e repeticiones	10	8		X	
6	VOLEIBOL I	Unidade didáctica que ten como obxectivo iniciar o alumnado nun deporte colectivo, o voleibol. O deporte colectivo como medio para traballar a resolución de problemas e a interacción social en diferentes situacións motrices.	10	10		X	
7	CORDA, AROS E MALABARES	Unidade didáctica para tratar a través do xogo contidos fundamentais da materia. Aproveitamos para tocar aspectos de autoconstrución de materiais e así relacionar esta dinámica con contidos de consumo responsable.	10	5		X	
8	BALONCESTO	Unidade didáctica para aproximar o alumnado o deporte do baloncesto. Sentará a bases para profundizar na especialización en cursos superiores. Neste curso	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	BALONCESTO	traballaremos o bote, pase e condución e a posición de triple ameaza. Tamén se sentarán as bases do pensamento táctico colectivo: ataque/defensa.	10	10			X
9	HABILIDADES XINNÁSTICAS	Unidade didáctica para iniciar o alumnado nun deporte individual no que a resolución de problemas en situacións motrices e o establecemento de retos individuais e colectivos cobrarán protagonismo.	15	10			X
10	PAS(protocolo básico de actuación)	Pautas básicas de primeiros auxilios. O contido principal de esta UD é a prevención de accidentes deportivos e os primeiros auxilios. Estes contidos son de vital importancia na sociedade en xeral e na práctica de actividade física e deportiva en particular. Non só para detectar accidentes senon tamén para saber actuar ante un accidentado.(PAS)	6	2			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O QUECEMENTO	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Superar as probas para valorar o nivel do estudante adaptado a súa idade e condición física.	TI	100
CA1.2.1. - Fases do queceamento e control da frecuencia cardíaca.	Reconocer e desenvolver as diferentes partes do queceamento e volta a calma. Respetar as normas de hixiene e hidratación dentro das sesións. Recoñecer as diferentes articulacións implicadas.		
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Realizar queceamentos e voltas a calma adecuadas a súa idade e sempre co material adecuado como prevención de lesións.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando a intensidade da tarefa ás características persoais.</li> <li>- Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo.</li> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	MELLORA A MIÑA CONDICIÓ N FÍSICA	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar as actividades desde un punto de vista coeducativo e sin estereotipos.	PE	20
CA1.1 - Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao estilo de vida activo, a partir dunnha valoración do nivel inicial.		
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable medidas xerais para a prevención de lesións antes e durante a práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situación de risco.	TI	80
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer e valorar a incidencia que alguhas prácticas e comportamnetos sociais teñen na nosa saúde e valorar o seu impacto.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais e os seus usos no ámbito da actividade física.		
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Aplicar normas de seguridade individual: material, indumentaria, quecementos, volta a calma...e colectivas na práctica de actividades motrices.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando a intensidade da tarefa ás características persoais.</li> <li>- Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación.</li> <li>- Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada.</li> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Saúde social:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais.</li> </ul> </li> <li>- Saúde mental:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.</li> <li>- A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal.</li> </ul> </li> <li>- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.</li> <li>- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	BAILE E DANZAS TRADICIONAIS	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía: traballo de individual a grupal e de reprodución a utilización da creatividade.	PE	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas	TI	80
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.</li> <li>- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural.</li> <li>- Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade.</li> <li>- Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos.</li> <li>- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo.</li> <li>- Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	INICIACIÓN AS CARREIRAS	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas		
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde social:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais.</li> <li>- Comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte.</li> </ul> </li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía.</li> <li>- Toma de decisións:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais.</li> </ul> </li> <li>- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.</li> <li>- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	CONDICIÓN FÍSICA	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando a intensidade da tarefa ás características persoais.</li> <li>- Alimentación saudable.</li> <li>- Musculatura lumbo-pélvica e a súa relación co mantemento da postura.</li> </ul> </li> <li>- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	VOLEIBOL I	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	TI	100
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.</li> <li>- Toma de decisións:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.</li> <li>- Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.</li> </ul> </li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	CORDA, AROS E MALABARES	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras	TI	100
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	autoconstrución de materiais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Preparación da práctica motriz: autoconstrución de materiais como complemento e alternativa na práctica da actividade física e do deporte.</li> <li>- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.</li> <li>- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.</li> </ul> </li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.</li> <li>- Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	BALONCESTO	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz	TI	100
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde social:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais.</li> <li>- Comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte.</li> </ul> </li> <li>- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.</li> <li>- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.</li> </ul> </li> <li>- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións de arbitraje deportiva.</li> </ul> </li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
9	HABILIDADES XINNÁSTICAS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida	TI	100
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo		
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrice		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.

UD	Título da UD	Duración
10	PAS(protocolo básico de actuación)	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia	PE	20
CA2.2 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física aplicando medidas básicas de primeiros auxilios	TI	80
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrice		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Preparación da práctica motriz: autoconstrución de materiais como complemento e alternativa na práctica da actividade física e do deporte.</li> <li>- Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas.</li> <li>- Conduto PAS (protexer, avisar, socorrer). Protocolo 112. Soporte vital básico (SVB).</li> <li>- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura, saudable e sostible.</li> <li>- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.</li> <li>- Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

METODOLOXIA EDUCACION FISICA

ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE

- .Diagnóstico/coñecemento previo.
- .Introdución/motivación
- .Desenvolvo/Aprendizaxe
- .Consolidación /Reforzo
- .Resume/síntese
- .Profundización/ampliación
- .Avaliación

Fundamentalmente ao comezo de cada Unidade Didáctica traballaremos actividades de diagnóstico e coñecemento previo, así como algunha de introdución e motivación.

No caso de traballar un contido dando o curso anterior a outro nivel, deberemos realizar varias sesións de consolidación e reforzo co fin de que o alumno recorde o traballado con anterioridade, sentando a base necesaria



para progresar e alcanzar os novos obxectivos, relacionados cos anteriores, pero moito máis ambiciosos

## ESTRATEGIAS METODOLOGICAS

### - ESTILO ENSINO

- .Asignación de Tarefas
- .Descubrimiento guiado
- .Mando directo
- .Resolución de problemas

A riqueza de contidos da nosa materia posibilita utilizar a maioría, ata ir variándoos en función dos contidos e ritmos de aprendizaxe. No en tanto, as estratexias utilizadas deben sinalarse para cada sesión que compón a Unidade Didáctica.

De xeito xeral dicir que utilizaremos fundamentalmente o mando directo e a resolución de problemas principalmente. O tempo é tan pouco en educación física que é o máis aconsellable, aínda que é certo que en determinado momento poden utilizar os estilos menos directivos fomentando así a experimentación mais creativa, activa e significativa ao estudante.

### - TIPO DE PRÁCTICA

- .Masiva
- .Distributiva

A riqueza de contidos da nosa materia posibilita utilizar a maioría, ata ir variándoos en función dos contidos e ritmos de aprendizaxe, no en tanto fundamentalmente será distributiva.

### -METODO DE PRÁCTICA

- .Analítico
- .Global
- .Mixto

Ao fío dos estilos de ensino, fundamentalmente será analítico e mixto.

### -TIPO DE TAREFA

- .Perceptiva
- .Toma de decisión
- .Execución

Tendente ás de execución cando primen aspectos técnicos ou puramente físicos, e máis en liña perceptiva e de tomas de decisión cando a influencia táctica sexa maior, ou se requira que o alumno pense o que fai antes de realizalo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instalación deportivas, materiais disponibles para levar a cabo as unidades didácticas, material complementaria, Edixgal, aula virtual, moodle, aplicacións e material bibliográfico de departamento.

Non se utilizará libro de texto continuando así coa forma de traballo dos cursos anteriores. Trátase de preparar un material curricular en forma de apuntes, pero de cada unha das unidades didácticas. De tal xeito que teñan un soporte documental o máis axustado posible á realidade do día a día da clase. Así pois, os diferentes tipos de materiais que usaremos serán:

- Material impreso: materiais de aula en forma de apuntes.
- Recursos materiais: Materiais didácticos para o desenvolvemento dos contidos; incluírase tanto os convencionais (balóns, aros, cordas) como os non convencionais (globos, botellas).
- Materiais audiovisuais: vídeos, programas informáticos, internet

Empregaranse asimesmo materiais específicos da materia (balóns, colchonetas, plintos, raquetas, compases). Ademais usaremos vídeos, fotos, recortes de prensa, diapositivas, mapas topográficos, bibliografía diversa. Tamén botaremos man do material alternativo como globos, periódicos, botellas, cartóns. E como material impreso guía usaremos apuntes elaborados polo departamento que estarán a disposición, e serán entregados os nenos/as a través das distintas plataformas de que dispoñan, y que serán previamente informados (EDIXGAL, AULA VIRTUAL, SIXA...)

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- .Diagnóstico/coñecemento previo.
- .Introdución/motivación
- .Desenvolvo/Aprendizaxe
- .Consolidación /Reforzo
- .Resume/síntese
- .Profundización/ampliación
- .Avaliación

Fundamentalmente ao comezo de cada Unidade Didáctica traballaremos actividades de diagnóstico e coñecemento previo, así como algunha de introdución e motivación.

No caso de traballar un contido dando o curso anterior a outro nivel, deberemos realizar varias sesións de consolidación e reforzo co fin de que o alumno recorde o traballado con anterioridade, sentando a base necesaria para progresar e alcanzar os novos obxectivos, relacionados cos anteriores, pero moito máis ambiciosos

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>4</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>6</b>
<b>Proba escrita</b>	0	20	20	0	0	0	0	0	0	20
<b>Táboa de indicadores</b>	100	80	80	100	100	100	100	100	100	80

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>7</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>93</b>

### Cráterios de cualificación:

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA ENSINO PRESENCIAL

-50%: traballo diario. Máximo 5 pts.

1. Establece secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo. (1pto).
2. Practica unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade. (1 pto).
3. Desenrola proxectos motores de carácter individual cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo. (1pto)
4. Fai uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos y do respecto ante a diversidade de competencia motriz. (1 pto).
5. Participa en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras. (1 pto).

-30%: avaliación práctica. Mediante probas prácticas de execución de contidos, partindo da avaliación inicial dos alumnos, xeralmente unha por u.d., rexistro diario de clase. (Máximo 3 ptos).

-20%: avaliación teórica. Mediante exames orais ou escritos. Tamén poderán facer traballos escritos que se determinarán en cada u.d., caderno de clase. (Máximo 2 ptos)

Se nalgunha avaliación non se fai o exame teórico, a media será un 60% o traballo diario e un 40% a parte práctica. A avaliación dos alumnos exentos da práctica levarase a cabo de forma especial. Debido a que a exención na asignatura atine so á práctica e non ós aspectos teóricos, os alumnos exentos deberán realizar:

- Copia diaria da sesión que realizan os seus compañeiros, indicando os exercicios realizados: a qué parte da sesión pertence, descripción teórica e gráfica e incidencias que poideran producirse, así como participación e axuda no desenrolo da clase: anotando tempos, medindo probas, axudando co material. 40%

-Presentación dun traballo cada avaliación con temas previamente determinados nunha conversa co profesor/a relacionado cos contidos da avaliación . 40%

-Exame teórico. 20%

### **Criterios de recuperación:**

Ao alumnado con alguna avaliación trimestral non superada, deberá superar unha proba final extraordinaria cos mínimos de consecución non superados. A proba será preferentemente práctica, aínda que para superar algún dos contidos poderanse propor probas escritas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que se incorpora a 1º da ESO non ten nunca materias suspensas do curso anterior.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

### **I.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Partimos da idea xeral de que cada alumno é diferente aos demais; as aprendizaxes previas, o nivel de maduración, a situación persoal e familiar e os factores xenéticos son algúns aspectos que poden marcar diferenzas entre os alumnos á hora de aprender, e por iso é polo que a aprendizaxe desenvólvese de modo individualizado, de maneira que cada cal observe a súa propia progresión. Para diminuír as diferenzas e achegar currículo ás características individuais de cada un, sen tratar por iso de diminuír o grao de esixencia senón de flexibilizalo.

Os alumnos con necesidades educativas especiais terán a posibilidade de adaptar os tres tipos de contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais) ás súas necesidades específicas coa supervisión do profesor. Practicamente en todas as actividades que se propón empréganse materiais e regulamentacións adaptadas á idade e a unha concepción menos competitiva e máis lúdica da actividade física, polo que todos os alumnos poden participar sen importar o nivel de execución motriz.

Os grupos de traballo serán flexibles o que permitirá ir graduando os niveis e que os alumnos traballen segundo as súas posibilidades.

De calquera xeito, para os casos concretos nos que o alumno non pode participar de xeito igual que o resto proponse as seguintes modificacións:

**-ACTIVIDADES DE REFORZO e AMPLIACIÓN:** En cada bloque de contidos proponse actividades de reforzo e ampliación para realizar tanto dentro coma fose do horario escolar. Aínda que o ideal sería que as puidesen realizar co profesor fóra de clase, se iso non é posible (polo horario de utilización das instalacións), pódense realizar programas específicos de mellora fóra dá clase, onde a execución fose parte dos contidos previstos para ese grupo de alumnos.

**-INACTIVIDADE:** Ao non existir as exencións, os alumnos con limitación (temporal ou permanentes) realizarán as actividades que non prexudiquen o seu problema á vez que complementarán, con traballos prácticos e teóricos, os contidos que non poidan desenvolver e realizarán outros que traten sobre a súa doenza ou limitación física; tamén participarán na elaboración de apuntes para os compañeiros, participación en actividades deportivas realizando tarefas de arbitraje, dirección de actividades aos compañeiros (arriquecemento, xogos, exercicios de relaxación...).. Cando o período de inactividade sexa pouco prolongado o alumno recuperará eses aspectos prácticos ó longo do curso co apoio do profesorado, co fin de poderse avaliar ó final do curso, antes das avaliacións de xuño.

**-ADAPTACIONES METODOLÓXICAS:** para aqueles alumnos que precisen da adaptación da metodoloxía pero non dos contidos e obxectivos do curso.

-ADAPTACIÓN CURRICULAR: farase á vista dun certificado médico oficial onde se fagan constar as limitacións que o alumno posúe para a realización da práctica de actividade física. Debe tender a posibilitar a todos os alumnos a consecución dunha aprendizaxe construtiva e significativo a través de modificacións que flexibilicen as condicións de desenvolvemento.

Algunhas medidas que se poden incluír na adaptación curricular serán as seguintes:

a) Adaptación dos obxectivos: Establecer obxectivos principais centrados nos aspectos fundamentais que contemplan uns mínimos de referencia obxectivos secundarios que contemplan os anteriores pero que non sexan de obrigado cumprimento por parte dos alumnos.

b) Selección e priorización dos contidos: Para a consecución dun obxectivo deben existir distintos camiños, distintos contidos. Tamén aquí debe haber uns mínimos e, a partir deles, outros de maior grao de complexidade. Na selección de contidos establecemos suficiente variedade como para permitir a cada alumno a consecución do obxectivo.

c) Empregar metodoloxías e estratexias centradas no proceso e no alumno:

Os modelos de ensino baseados na procura permiten ao alumno unha maior toma de conciencia e de intervención, ao tempo que desenvolven a súa motivación.

d) Adaptación dos procedementos de avaliación. Realización de probas adaptadas para avaliar a consecución dos obxectivos do curso.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura		X	X		X	X		X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X			X	
ET.3 - Comunicación audiovisual			X		X	X	X	
ET.4 - Competencia dixital		X		X				X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X		X				X	
ET.6 - Fomento do espírito científico			X	X	X	X		
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade			X				X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X

	UD 9	UD 10
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		
ET.4 - Competencia dixital		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X
ET.6 - Fomento do espírito científico	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.8 - Igualdad de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade	X	

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Defensa persoal 1º Trimestre	O alumnado adquirirá destrezas básicas e formación en defensa personal que serán mui útiles para a súa vida diaria. Levarase a cabo no 1º Trimestre			
Patinaxe sobre xeo 2º trimestre	O alumnado entrará en contacto cas actividades de deslizamiento na pista de xeo. 2º trimestre			
Ruta de sendeirismo 1º ou 3º trimestre	Porase en contacto o alumnado co medio natural para o traballo da condición física.			
Marcha ciclista	Realizase unha marcha ciclista pola contorna do centro escolar			
Orientación polas contornas do centro. 3º Trimestre	Realizaranse actividades de orientación nas contornas do centro escolar.			

### Observacións:

Saídas no horario de clase xunto co profesor ás inmediacións do instituto para traballar en espazos abertos contidos como a condición física. O longo de todo o curso escolar.

Dende o Departamento tomouse a decisión de que os rapaces con máis dun parte de faltas graves por trimestre non participarán nas actividades complementarias (que se realicen fóra do centro). Dada a responsabilidade que temos e o carácter compensatorio das actividades, premiando o esforzo e o bó comportamento das actividades diarias dentro da aula.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe
Temporalización da programación e das unidades didacticas
Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas.
Motivación do alumnado, ambiente das sesións e actuación persoal da persoa docente
Información o alumnado e as familias da programación

### Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detentando necesidades e buscando os axustes, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas para cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino aprendizaxe, e uns indicadores, que o docente poida avaliar, escollendo os instrumentos que considere mais axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistros de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros ou compañeiras docentes. Nesta proposta poden suprimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

-Ao remate de cada unidade didáctica: avalíase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos ect.

-Unha vez ao mes, na reunión de departamento, realizaranse o seguimento das programacións didácticas e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.

-Ao finalizar o trimestre, onde analizaremos as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quede sin impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UD, impartidas no trimestre.

-Ao finalizar o curso escolar. Quedarán reflexadas na memoria final de departamento.

## 9. Outros apartados